

## Vamos cas modas de hoxe cas rapazas modernas ca moda da minifalda elas andan muy contentas

Vamos a contar  
das mozas modernas  
xa non gastan medias  
xa lucen as pernas

Desdos 12 ós 15  
elas queren novios  
has que non o teñen  
inchanlle os ollos.

As de 12 a 15  
pasan pola calle  
nos escaparates  
paran a mirarse.

As uñas pintadas  
e os ollos marcados  
ca tinta do pote  
saben prepararlos.

Desdos 15 ós 20  
xa son máis modernas  
ca roupa tan curta  
enseñan as pernas

Enseñan os puertos  
de embarcación  
e hasta algunhas veces  
a televisión.

E con esos traxes  
que son transparentes  
os mozos solteiros  
teñen dolor de dentes.

Van de manga corta  
e tan escotadas  
e algunhas as pobres  
non lavan a cara.

Pra subir os coches  
van tan apretadas  
e antes de subir  
xa rachan as sayas.

Deixemos as mozas  
vamos cos rapaces  
mentras están solteiros  
todos son tunantes.

Engañan as mozas  
con contos e bicos  
hasta que consiguen  
a caixa dos mistos.

Dendes que a consiguen  
xa se marchan rindo  
engañan a outra  
co mesmo cariño.

Pro desde que se casa  
cambia a función  
ascenden a cabos  
sin un patacón.

Elas non traballan  
xa non ten que aguantar  
as que fixo antes  
pra poder casar.

Xan lava os cachorros  
e fai a comida  
mentras a muller  
sale cas amigas.

Ela non traballa  
Xan ten que aguantar  
hasta nin diñeiro  
lle da para fumar.

E logo o domingo  
vay a peinadora  
collar e pulseiras  
como unha señora.

Ela vai o cine  
Xan queda na casa  
arreglando a cena  
e lavando as tazas.

E se Xan se enfada  
ela de castigo  
mélixalle na cama  
que o deixa perdido.

Así que solteiras  
hay que ter coidado  
que a vida se eleva  
con moito traballo.